



**AXUDAS PARA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA A
EXPLOTACIÓN AGRARIAS AXUDAS**

OBXECTO DE AXUDA

Trátase dunhas axudas de minimis que teñen como finalidade facilitar o acceso á auga ás explotacións agrícolas e gandeiras que basean as súas producións en superficies de cultivos, naquelas zonas afectadas por unha declaración de seca na zona xeográfica en que están asentadas e proceder á súa convocatoria para o ano 2017.

BENEFICIARIOS

Titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras, entendendo como tales aqueles que exercen a actividade agraria organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivar da xestión da explotación, das zonas declaradas de alerta ou de prealerta por seca no ano 2017 nas demarcacións hidrográficas de Galicia Costa: río Verdugo e ría de Vigo; **río Lérez** e ría de Pontevedra; río Xallas, costa da Coruña e ría de Corcubión; río Castro; ría da Coruña; río Mandeo e ría de Betanzos., Miño-Sil e do Douro no momento publicación desta convocatoria.

Quedan excluídos os titulares de explotacións de autoconsumo ou sen actividade comercial.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1. Serán subvencionables os seguintes conceptos:

- a) Novas estruturas e mellora das estruturas existentes para o abastecemento de auga tales comobalsas de almacenamento, bebedoiros, conducións para o seu abastecemento, sempre que non supoña unha nova captación de auga.
- b) Equipamentos para a mellora do abastecemento de auga ás explotacións gandeiras, comocisternas móbiles ou bebedoiros móbiles.
- c) En xeral, servizos de abastecemento de auga ás explotacións agrarias

IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA



Concello de Campo Lameiro

50 % dos custos subvencionables cun máximo de axuda de 5.000 euros.

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes remata o 2 de decembro de 2017.

NORMATIVA

ORDE do 30 de outubro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias, e se convocan para o ano 2017.

ÓRGANO

Consellería de Medio Rural (Procedemento MR405C).

MÁIS INFORMACIÓN

Na seguinte ligazón: Axudas para garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias

ORDE